



Concello de Guitiriz

ANUNCIO DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN DE 1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DO CONCELLO DE GUITIRIZ AO ABEIRO DO “PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026”. EXPTE: 404/2026.

Por decreto de alcaldía de data 22/06/2026 e de acordo coas bases de selección e convocatoria para selección de auxiliar administrativo/a (funcionario/a interino/a), tomanse os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Analizada a documentación en relación as reclamacións presentadas en prazo e forma, comprobouse que presentan a documentación que era causa de exclusión na lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, procedendo por tanto que pasen a formar parte da lista de admitidos/as os seguintes aspirantes:

- Daniel Pena Amado.
- Iván Calvo Raposo.

Vista tamén a alegación presentada por Emma Vela Yáñez, que non aparecía incluída na lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, comprobouse que presenta xustificante de presentación en prazo e forma o día 09/06/2026 pero que por incidencia na sede electrónica non constaba a mesma con anterioridade a aprobación da lista provisional, procedendo por tanto a inclusión na lista de admitidos/as.

SEGUNDO.- Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as á convocatoria para a selección de 1 auxiliar administrativo/a (funcionario/a interino/a) ao abeiro do Programa reforzo do emprego do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026 :

Aspirantes admitidos/as:

APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO	LINGUA EXAME	CELGA 3 (exento proba galego)
Gayoso Lopez, Liduvina	***1033**	Castelán	SI
Del Valle Corral, Luis	***8845**	Castelán	SI
Seijas Cobas, Vanesa	***5330**	Galego	SI
Moreira Seco, Ana Belen	***6912**	Castelán	SI
Perez Murado, Marta	***5796**	Castelán	SI
Lopez Lopez, Lucia	***3967**	Castelán	SI
Castrillón Torres, Daniel	***9986**	Castelán	SI
Míguez Blanco, Raúl	***0619**	Galego	SI
Seijas Roca, Natalia	***8658**	Castelán	SI
López Bergantiños, Julio	***9371**	Castelán	SI
Valverde Docampo, M ^a Carmen	***8875**	Galego	NON
Veiga Blanco, Lucia	***4057**	Castelán	SI





Concello de Guitiriz

Parrilla del Río, Lucía	***3675**	Castelán	SI
Pena Amado, Daniel	***7381**	Castelán	SI
Calvo Raposo, Ivan	***1627**	Castelán	SI
Emma Vela Yáñez	***3621**	Castelán	SI
Santiago Ruibal, Nerea	***0900**	Castelán	NON
Gayoso Tomé, Josefa	***1584**	Castelán	SI
Quijada López, Adriana	***4837**	Castelán	SI

Non constan aspirantes excluídos/as.

Todos aqueles aspirantes nos que consta que teñen CELGA coa reseña “SI” (mínimo Celga 3) están exentos de efectuar a proba de coñecemento de galego, estando obrigados a facer a proba aqueles nos que consta que “NON” teñen CELGA.

TERCEIRO.- De conformidade coa base sexta da convocatoria (6.1.), artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro do Estatuto Básico do Empregado Público, designanse ós seguintes membros do tribunal do proceso selectivo :

Presidente: José Cornide Río, Técnico de Medio Ambiente do Concello de Guitiriz .

Vogal 1^ºa: Eva María Carro Sánchez, Administrativa do Concello de Guitiriz.

Vogal 2^ºa: David Liñares Martínez, Policía Local do Concello de Guitiriz.

Vogal 3^ºa: Mauro Chico Carballas, Técnico de Xestión de Administración Xeral do Concello de Vilalba.

Secretaria: Yolanda Novo López, Administrativa do Concello de Guitiriz.

Suplentes:

- Rafael José del Barrio Berbel, Secretario do Concello de Guitiriz.
- Ana Isabel Blanco Pazos, Técnica de Urbanismo do Concello de Guitiriz.

A data de constitución do Tribunal será o día 29 de Xuño de 2026 ás 08:30h no Salón de Plenos do Concello de Guitiriz momento no que se procederá á elaboración das probas a desenrolar polos candidatos/as.

A data de realización das probas da fase de oposición serán no Telecentro do Concello de Guitiriz (Aula CEMIT) do Concello de Guitiriz, detrás da Casa Habanera sita na Rúa do Concello nº 42 o día 29/06/2026 coa seguinte distribución:

- **Hora: 11:00h, primeira proba – parte teórica.**
- **Hora: 12:30h, primeira proba – parte práctica.**
- **Hora: 13:45h, segunda proba – proba de coñecemento de galego**, para aqueles aspirantes que non acreditaron o celga 3 (os que pon “non” na lista de definitiva na columna de CELGA), e sempre que non o presenten con anterioridade a realización do exame.





Concello de Guitiriz

A primeira proba: parte teórica consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 20 preguntas (máis 2 preguntas de reserva) con 3 respostas alternativas das que só unha será correcta, sobre a totalidade dos temas relacionados do Anexo II (grupo 1 e 2) das bases. Dita proba deberá realizarse nun tempo máximo de 1 hora. O exame cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba. As respostas incorrectas e non contestadas non penalizarán. Os aspirantes que non superen esta parte teórica da primeira proba xa non se lles correxirá a proba práctica que se indica a continuación.

A primeira proba: parte práctica consistirá na realización dun ou varios supostos prácticos a desenvolver ou con preguntas tipo test, relacionado coas funcións propias do posto, a proposta do tribunal sobre os temas relacionados no Grupo 2 (temas específicos) do Anexo II das bases. Dita proba realizarase nun tempo máximo de 1 hora. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superala.

A segunda proba: proba de coñecemento de galego, este exercicio será obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que non acrediten antes da súa realización o nivel de Celga 3 ou título equivalente debidamente homologado. A proba consistirá na tradución dun texto de contido administrativo de castelán ao galego nun tempo máximo de 30 minutos, a proposta do tribunal. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto, sendo eliminados aqueles/as aspirantes que non sexan declarados aptos.

O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización do exercicio.

As probas serán elaboradas polo tribunal inmediatamente antes do comezo da proba.

CUARTO.-Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica (guitiriz.sedelectronica.gal) municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos (base 5.3).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

Maria Sol Morandeira Morandeira

